



BOAS PRÁCTICAS NA VITICULTURA SUSTENTABLE

XORNADA TÉCNICA

23 de novembro de 2022

Sede Consello Regulador Denominación de
Orixe Ribeiro

Avda. Redondela, 3 2º piso

32400 Ribadavia (Ourense)

PROGRAMA**15:30-16:00**

- » Recepción dos asistentes. Presentación da xornada

16:00-16:15

- » Presentación proxecto EIRAVINE
- » Relator: Diego Collarte. Xerente da Cooperativa Cume do Avia

16:30-17:15

- » Aplicación de boas prácticas na viticultura
- » Relator: Julián Palacios. Director técnico de Viticultura Viva

17:15-18:00

- » A fertilización do viñedo no marco da sustentabilidade
- » Relatora: Bárbara Sebastián. Técnico de Viticultura Viva

18:00-18:20

- » Proxecto VIÑ@SoS. Valorización de residuos vitivinícolas na elaboración de viños sustentables
- » Relatores: Carlos Alberte. Director técnico de Viticultura da Cooperativa Viña Costeira. Daniel Durán. Técnico de Viticultura e Innovación da Cooperativa Vitivinícola Arousana. Javier Cancela. Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela. Emilia Díaz. Responsable do departamento de Viticultura da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.

18:20-18:50

- » Presentación de iniciativas de I+D+i en vitivinicultura
- » Plantavid "Produción de planta de vide resistente á podremia branca de raíz". José López. Xerente de Viveros López Vid
- » ViñOXs. "Itinerarios innovadores en crianzas oxidativas de viños galegos".
- » Relator: Daniel Durán. Técnico de Viticultura e Innovación da Cooperativa Vitivinícola Arousana.
- » Greensoilvin. "Obtención de viños sostibles e de calidade mediante estratexias alternativas na xestión da fertilidade"
- » Relatore: Daniel Durán. Técnico de Viticultura e Innovación da Técnico Cooperativa Vitivinícola Arousana

18:50-17:15

- » Mesa redonda

OBXECTIVOS

A viticultura sustentable podémola definir como un modo de levar a cabo a viticultura, eficaz desde o punto de vista económico e ecoloxicamente tolerable. Non consiste unicamente na substitución de produtos químicos por aqueles permitidos en produción ecolóxica ou con menos impacto medioambiental, é un concepto baseado nas boas prácticas, con respecto polo medio e sen que afecte a calidade do cultivo.

Nestes últimos anos estase observando unha importante perda de vides en viñedos que non al-

canzan os 25 anos. A intensificación do cultivo que determina a súa mecanización, condicionando a formación, condución e podas das plantas, xunto coa falta de man de obra especializada e o desenvolvemento de praxes incorrectas, son factores causantes da diminución da lonxevidades dos viñedos.

Neste senso desenvólvese o proxecto EIRAVINE coa finalidade de establecer protocolos de xestión e recuperación de viñedos adultos, con certificación ecolóxica, para que teñan vocación de lonxevidade, equilibrio e sanidade, baseándose na aplicación de medidas rexenerativas do viñedo acordes coa fisioloxía, sanidade da planta, os sistemas de cultivo e a fertilidade do solo.

Iniciativas de I+D+i nesta mesma liña son desenvolvidas pola Cooperativa Viña Costeira, Cooperativa Vitivinícola Arousana e Viveiros Lopez Vid en colaboración coa Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela a través dos proxectos Viñ@Sos, Plantavid, ViñOXs e Greensoilvin.

Con estas xornadas preténdese:

- » Promover as prácticas vitícolas conducentes a unha viticultura sustentable.
- » Formar o sector na fertilización do viñedo mantendo a biodiversidade
- » Dar a coñecer iniciativas de I+D+i que se enmarcan nas boas prácticas vitivinícolas.

Destinatarios

Agricultores, viticultores ou gandeiros activos con producións con orientación comercial, cotitulares ou colaboradores familiares das explotacións.

- » Titulares, asalariados ou con contratos a proba dunha explotación agraria, industria transformadora, asociación profesional (exemplo: adegas, consello regulador), ou empresa de servizos agrarios.
- » Persoas en idade laboral con expectativas de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora (exemplo: adegas, consello regulador).
- » Investigadores relacionados coa actividade, traballadores de empresas relacionadas co sector ou público en xeral, sempre e cando haxa prazas dispoñibles.
- » Público en xeral

Número de prazas: 70

Data de inscrición: ata o 21 de novembro de 2022

SOLICITUDES

Os interesados deberán descargar a solicitude de inscrición na actividade a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia
<https://evega.xunta.gal/>

ou na páxina da Consellería de Medio Rural (Anexo G)
<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/formacion/transferencia-tecnologica/plan-de-transferencia-tecnologica-2022>

Remitirse o formulario cuberto ao correo electrónico evega.medio-rural@xunta.gal

A súa inscrición será confirmada a través do enderezo electrónico.



Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2022

» ORGANIZA

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega)

» COLABORAN



Fundación
Juana de Vega



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Xacobeo 21-22